

SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO PLAN PROXECTA 2024/2025

PROGRAMA	SOLICITUDE	VERSIÓN
Plan Proxecta: 34. O monte vivo	50446	1

CENTRO		CÓDIGO DO CENTRO
IES Francisco Daviña Rey		27007247
ENDEREZO		LOCALIDADE
Rúa Doutor Casares 63-67		Monforte de Lemos
CÓDIGO POSTAL	CONCELLO	PROVINCIA
27400	Monforte de Lemos	Lugo
TELÉFONO	ENDEREZO ELECTRÓNICO	
982828200	ies.francisco.davina@edu.xunta.gal	

DIRECTOR/A:

NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
Raquel	Aira	González	34262533P

PROFESORADO

Nome	DNI	Participación	Especialidade
Marcos Pumar Losada	34269174W	Coordinador	Matemáticas
Maria Astrid Losada Pasín	34269329L	Docente	Procedementos sanitarios e asistenciais
Marta Luisa Núñez Miranda	76623562M	Docente	Sistemas electrónicos
Raquel Aira González	34262533P	Docente	Lingua e literatura galega
Pablo Blanco Quiroga	34259827Q	Docente	Tecnoloxía
Katia Valdés Lago	34271612W	Docente	Sistemas electrónicos
Guillermo Rodríguez Pérez	47352074L	Docente	Debuxo

ALUMNADO

Ensinanza	Ciclo	Curso	Alumno	Alumna	Aulas
Educación secundaria obrigatoria	Primeiro ciclo de secundaria obrigatoria	1º Ensinanza secundaria obrigatoria	12	14	1
Educación secundaria obrigatoria	Primeiro ciclo de secundaria obrigatoria	2º Ensinanza secundaria obrigatoria	8	15	1

TÍTULO

O monte vivo

INTRODUCCIÓN

O noso instituto está inmerso na natureza, o río Cabe pasa por detrás do centro e estamos rodeados de monte. O centro está ubicado nun entorno semirrural no que a relación co medio é estreita.

Por outra banda, os principais problemas ós que nos enfrontamos son a deforestación e, principalmente, os incendios forestais, una verdadeira lacra para a nosa sociedade.

Año tras ano ao chegar a primavera véñense producindo na comarca de Lemos numerosos incendios forestais, a maioría deles provocados. Algúns son intencionados e outros causados por negligencias nos traballos agrícolas e forestais. Pensamos que é importante concienciar ó noso alumnado e ás súas familias da importancia do coidado dos nosos montes e da prevención de incendios, con prácticas saudables que eviten poñer en situación de risco a nosa diversidade forestal e paisaxística, sobre todo neste curso posto que nestes últimos veráns déronse varios casos de incendios de sexta xeración co resultado de miles de hectáreas queimadas en Galicia e particularmente na nosa contorna. Esta sensibilización farémola extensible a toda a cidadanía aproveitando un blog que foi creado en anos anteriores, no que publicaremos datos sobre a prevención e extinción de incendios, factores de risco, e o que hai que facer cando vemos iniciar un incendio forestal.

OBXECTIVOS

1. Concienciar ao alumnado da importancia do monte como recurso natural ecolóxico, económico e de lecer.
2. Recoñecer os diferentes compoñentes do ecosistema monte, a súa importancia e relacións.
3. Recoñecer o poder destrutivo, non só ecolóxico, senón tamén social e económico dos incendios forestais.

SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO PLAN PROXECTA 2024/2025

PROGRAMA	SOLICITUDE	VERSIÓN
Plan Proxecta: 34. O monte vivo	50446	1

4. Enriquecer os seus coñecementos coas especies forestais máis representativas da zona.
5. Motivar ao alumnado cun proxecto actual, innovador, integrador e aberto a toda a comunidade educativa, que o axudará a formar como cidadán responsable e a compartir estas aprendizaxes con outros nenos e adultos.
6. Apreciar a importancia dos valores básicos que rexen a vida e a convivencia humana, e obrar decorrido con eles, actuando con responsabilidade
7. Promover a conciencia do respecto polos nosos montes e valorar o que supoñen para a nosa cultura e a nosa economía.
8. Sensibilizar aos cidadáns en xeral e ó noso alumnado en particular sobre a importancia do coidado dos montes e da súa protección, como riqueza cultural e paisaxística, para as nosas comarcas.
9. Coñecer e compartir as principais causas de incendios forestais producidos en Galicia, facendo fincapé nas nosas comarcas.
10. Concienciar ás comunidades educativas participantes da posible prevención destes lumes dando a coñecer as condutas de risco e explicando como evitalas.
11. Colaborar na planificación e realización de actividades en grupo; aceptar as normas e regras que, democraticamente, se establezan; articular os obxectivos e intereses propios cos dos outros membros do grupo, respectando puntos de vista distintos e asumindo as responsabilidades que correspondan, e fomentando a disciplina, a convivencia, a orde e o axeitado.
12. Comprender e establecer relacións entre feitos e fenómenos do ámbito natural e social, e contribuír activamente á defensa, conservación e mellora do medio, partindo dos ámbitos máis próximos ó alumnado.
13. Identificar, formular e resolver problemas a partir da experiencia cotiá, utilizando as axudas necesarias, ben de persoas ou ben dos recursos didácticos oportunos e dispoñibles: ordenador, biblioteca...
14. Fomentar a autoestima do alumno e as habilidades sociais para favorecer o seu crecemento integral, como punto de partida para lograr nel actitudes positivas cara si mesmo e cara os demais.
15. Actuar con autonomía nas actividades individuais e nas relacións de grupo (na aula, no Centro ou con outros docentes), desenvolvendo as posibilidades de tomar iniciativas e de establecer relacións afectivas, fomentando o compañeirismo entre o alumnado e o intercambio de actividades diversas con outros Centros
16. Impulsar a funcionalidade do aprendido fóra do ámbito escolar: favorecer a relación entre as diferentes materias, utilizar metodoloxías globais.
17. Impulsar a avaliación formativa: crear situacións de autorregulación, dar a coñecer os criterios de avaliación, potenciar a autoavaliación.

ORGANIZACIÓN

Tentarase facer unha exposición e unha visita guiada por axentes forestais a una zona arrasada polos incendios dos pasados veráns para concienciarse do problema que ocasionan e analizar as posibles medidas reparadoras.

Tódolos participantes neste proxecto pensamos que podemos axudar dende as diferentes materias á prevención dos incendios forestais. Para iso programaremos, como xa vimos facendo, visitas aos lugares de traballo das brigadas forestais (no caso de Monforte á base de Marroxo e Doade onde están helicópteros e avionetas) e as instalacións do Distrito Forestal VIII.

Unha vez analizadas as causas e os posibles motivos polo que existen incendios forestais, realizarase un proxecto no que se traballará con tecnoloxías de impresión 3D e métodos de deseño para analizar, propoñer e crear a escala depósitos de captación de auga eficientes destinados á prevención de incendios e que se poidan usar tamén para rego de diferentes replantacións en zonas queimadas. Os alumnos e alumnas utilizarán impresoras 3D para desenvolver prototipos e analizarán a súa resistencia e durabilidade tendo en conta os diferentes materiais cos que se poden facer na realidade. Tamén colaborarán con expertos e identificarán ubicacións estratéxicas para a instalación destes depósitos. Buscarase non só fomentar a innovación tecnolóxica, senón tamén contribuír á prevención de incendios e á sustentabilidade ambiental.

Por outra banda, os alumnos e alumnas aprenderán a programar un algoritmo simple que avalía o risco de incendios forestais baseado en datos meteorolóxicos como poden ser a temperatura, o vento e a humidade. Mediante este algoritmo, o alumnado comprenderá como os factores climáticos inflúen no risco de incendios e contribuír á concienciación sobre a prevención destes incidentes. O proxecto busca non só ensinar conceptos básicos de programación, senón tamén educar sobre a importancia da seguridade ambiental e a prevención de incendios forestais. Intentarase facer presentacións co programa de programación SCRATCH, crearanse interaccións entre personaxes e diferentes escenarios. Os estudantes engadirán mensaxes educativas sobre a prevención de incendios, como consellos de seguridade e que facer en caso de incendio.

Tendo en conta a replantación descrita anteriormente, faránse saídas ó redor do IES (por exemplo a área recreativa Os Trollos en Bóveda) para coñecer os nosos montes e a súa biodiversidade, aproveitando as diferentes estacións para recoñecer os principais compoñentes (fungos, a caída da folla, floración e frutificación, fauna...) e o recoñecemento das principais especies arbóreas e arbustivas, collendo unha cantidade mínima de exemplares para facer un herbario. No herbario constarán tódolos datos necesarios e ademais incluírán os nomes en galego típicos da súa zona, preguntando a familiares, ós vellos do lugar, etc. Tentarase así enriquecer o traballo de xeito multidisciplinar.

Proporase ó alumando unha recolleita, sementado e coidado de sementes de especies autóctonas preto do IES. Cando estean ben desenvolvidas cada alumno e alumna a plantará nun bosque preto da súa casa.

Realizaranse durante o curso diversas actividades de concienciación e divulgación (vídeos, exposicións,...).

Durante o curso iremos elaborando artigos para o blog coas actividades realizadas. Ó final de curso realizarase un informe final sobre tódalas actividades realizadas.

A metodoloxía de traballo será principalmente investigadora, mediante o proceso de busca de problemas, detección e análise, observación reflexiva, proposta de plan de atallo, e accións correctoras. Tamén empregarase unha metodoloxía participativa e colaborativa, dende o maior número de perspectivas posible e aplicando ó máximo a todo o colectivo do Centro (alumnado, profesorado, pais, persoal non docente,...), xa que queremos concienciar sobre a ruína que implica a destrución do monte polos incendios forestais, non só a nivel de biodiversidade, senón tamén económica e social.

AVALIACIÓN

A avaliación fundamentarase nun seguimento da consecución dos obxectivos, comprobando os cambios producidos na actitude dos



SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO PLAN PROXECTA 2024/2025

PROGRAMA	SOLICITUDE	VERSIÓN
Plan Proxecta: 34. O monte vivo	50446	1

estudantes e das persoas implicadas. Así mesmo, a integración do proxecto dentro da programación de aula fai que sexa avaliado dentro das tarefas de clase.

1. Escalas de observación na participación nas diferentes actividades propostas.
2. Seguimento da calidade e creatividade dos traballos realizados.
3. Participación e implicación nas actividades realizadas.
5. Valoración da memoria final que realizarán os alumnos e alumnas.

Na avaliación participarán os alumnos e alumnas de xeito activo, mediante autoavaliación e tamén mediante a avaliación das tarefas feitas polos compañeiros e compañeiras, a partir dos indicadores que o profesorado acorde para as distintas actividades.

SINATURA DO/DA DIRECTOR/A E SELO DO CENTRO

Monforte de Lemos, 26 de setembro de 2024

Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa